

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 25 de febreiro de 2005 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia.

A importancia da comunicación oral e escrita, como instrumentos de vertebración dun país e aínda como ferramentas útiles para facilitar mediante o achegamento entre os pobos, o afondamento da democracia fan especialmente recomendable un mellor coñecemento desas técnicas.

A conciencia desa necesidade levou á inclusión nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dos créditos destinados á realización de investigacións nese campo. Para o gasto derivado desta orde dispónse de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2005.

Coa finalidade de asegurar a publicidade e obxectividade na concesión, así como para promover a participación,

DISPOÑO:

Primeiro.-Establécense axudas para fomentar a realización de estudos sobre medios de comunicación. O importe global das axudas será de noventa mil (90.000) euros.

Segundo.-A contía de cada axuda será de dous mil a seis mil euros (2.000 a 6.000 euros).

Terceiro.-Poderán solicitar as axudas particulares e entidades sen fin de lucro.

Cuarto.-A solicitude das axudas farase mediante instancia, segundo modelo do anexo, dirixida ao secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos, e irá acompañada da seguinte documentación:

a) Copia compulsada do documento nacional de identidade do solicitante.

b) Acreditación da representación con que actúa, se é o caso.

c) Memoria explicativa do contido, con indicación da súa dimensión e prazo de realización, debidamente asinada polo solicitante ou o seu representante.

d) Currículum vitae do autor ou autores do estudo, debidamente asinado. Na documentación relacionada no currículum vitae deberán acompañar orixinais ou copias compulsadas daqueles documentos, títulos, etc., directamente relacionados co traballo.

e) Declaración xurada pola que se acredita o carácter inédito do traballo.

f) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

No caso de que sexan varios os autores do mesmo traballo, deberán designar por escrito a un deles como representante dando a conformidade coa súa sinatura.

Quinto.-As solicitudes serán presentadas no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, sito no edificio administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, ou nos das súas delegacións provinciais. Tamén se poderán remitir en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de corenta días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes presentadas serán tramitadas polo servizo competente da Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos.

Sexto.-A resolución das axudas será realizada polo conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública por proposta dunha comisión que avaliará as solicitudes presentadas e que será presidida polo secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos e que estará integrada por un funcionario desa secretaria xeral con categoría non inferior a xefe de negociado, que actuará de secretario; como vogais actuarán o subdirector xeral de Coordinación Administrativa e Xestión Orzamentaria e o responsable do Gabinete de Comunicación. A comisión terá en conta a finalidade do estudo e a súa relación coa realidade galega na materia, o seu carácter innovador, o currículum vitae do autor ou autores e calquera outra circunstancia que contribúa á modernización do sector.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen resolución expresa os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Sétimo.-A convocatoria, as súas bases e todos cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Contra as resolucións expresas ou presuntas que se deriven desta convocatoria, que poñen fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación no caso de resolucións expresas. No caso de que a resolución se entenda desestimatoria por silencio administrativo, o prazo será de tres meses contados a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

De non estimar a presentación deste recurso poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

Oitavo.-A concesión das axudas farase con cargo á aplicación 04.04.361A.480.0 que dispón de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2005.

De conformidade co estipulado no artigo 41.1º da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2005, quedan exentos de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 78.4º c) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia as subvencións e axudas con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao artigo 48 Familias e institucións sen fin de lucro.

Noveno.-O pagamento tramitarase unha vez entregado o estudo obxecto da axuda.

No momento da xustificación da execución total do estudo e en calquera caso, antes de efectuar o pagamento, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas soli-

citadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo estudo das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Décimo.-Os estudos resultantes das memorias seleccionadas serán entregados na Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos antes do día 30 de setembro de 2005.

Os estudos presentaranse por triplicado, debidamente paxinados e encadernados e coa sinatura do autor ou autores. A súa extensión non será inferior aos 100 folios de 1.200 caracteres, e non se computarán as copias íntegras ou parciais das publicacións ou estudos xa existentes.

De non entregarse o estudo no prazo sinalado, ou de entregarse cun contido distinto ao previsto na memoria, o beneficiario perderá o seu dereito á percepción da axuda.

Décimo primeiro.-O autor ou autores dos traballos seleccionados, no mesmo momento de aceptar a axuda cédenlle á Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos todos os dereitos sobre o traballo presentado, reservando esta a capacidade de publicalo, se así o estimase oportuno.

Décimo segundo.-A vixencia desta orde de axudas será ata o 31 de decembro de 2005.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Nos aspectos non contidos nesta orde, haberá que aterse ao disposto no artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve, e ao artigo 41 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Segunda.-Facúltase o secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
 RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
 E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

PROCEDEMENTO <i>AXUDAS A PARTICULARES E ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS SOBRE MEDIOS DE COMUNICACIÓN EN GALICIA</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR903A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DON / DONA		NIF
ACTUANDO: <input type="checkbox"/> EN NOME PROPIO <input type="checkbox"/> EN REPRESENTACIÓN DE _____		
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

- 1.- Que ten coñecemento da convocatoria de axudas a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia, efectuada pola Orde do _____
- 2.- Que, de conformidade co contido da citada orde, xunta a documentación requirida no seu punto cuarto.

SOLICITA:

A concesión dunha axuda ao abeiro da Orde do _____, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 25 de febreiro de 2005 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 23 de febreiro de 2005 pola que se efectúa convocatoria pública de axudas aos estudantes universitarios interesados en solicitar a prórroga para o financiamento dos xuros do préstamo concedido ao abeiro da Orde do 5 de febreiro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 21 de febreiro) pola que se convocaron axudas para a solicitude de créditos bancarios para financiamento dos seus estudos universitarios de primeiro, segundo ou terceiro ciclo, como medida transitoria para facer fronte ás consecuencias do accidente do Prestige.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE nº16, do 19 de xaneiro de 1988) transferiulle á comunidade autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG nº 66, do 6 de abril).

A Lei 11/1989, do 20 de xullo (DOG nº 156, do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: Universidade da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, está a levar a cabo diversas accións de apoio económico aos estudantes de ensino universitario, coas que se pretende favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinou un convenio de colaboración o día 13 de marzo de 2001, e unha addenda a este o día 12 de xuño de 2002, coas entidades financeiras: *Banco Pastor, Caixa de Aforros de Galicia, Caixanova, Banco Gallego, Banco Simeón e Banco Etcheverría*, para facilitarlles aos estudantes universitarios que realicen estudos en calquera universidade do sistema universitario de Galicia, así como para os estudantes universitarios que teñan a residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e cursen os seus estudos nalguna universidade de fóra do sistema universitario de Galicia, créditos bancarios a baixos xuros para o financiamento dos seus estudos universitarios.

O accidente do buque Prestige fixo necesaria a toma de medidas urxentes para facer fronte ás súas consecuencias co fin de compensar as familias dos estudantes universitarios especialmente afectadas polo cesamento da súa actividade e que puidesen ter dificultades para a continuación dos estudos.

En virtude de todo o anterior, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse axudas para os estudantes universitarios interesados en solicitar a segunda e última prórroga para o financiamento dos xuros do préstamo concedido ao abeiro da Orde do 5 de febreiro de 2003 (DOG do 21 de febreiro) pola que se convocaron axudas para a solicitude de créditos bancarios para financiamento dos seus estudos universitarios de primeiro, segundo ou terceiro ciclo, como medida transitoria para facer fronte ás consecuencias do accidente do Prestige e que reúnan os requisitos e condicións establecidas nesta orde.

Estas axudas son compatibles con calquera outra destinada para a mesma finalidade polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará a parte correspondente dos xuros do préstamo con cargo á partida orzamentaria 07.05.322C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 cunha contía de 1.577,69 euros, acadando unha contía global de 45.075,90 euros en axudas, de acordo co estipulado no convenio asinado coas entidades bancarias.

Artigo 3º.-Requisitos.

Poderán ser beneficiarios da prórroga do préstamo subsidiado unicamente os estudantes universitarios, afectados polo accidente do Prestige, que teñan concedida axuda da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na convocatoria realizada para o efecto e asinado contrato de préstamo cunha das entidades bancarias asinantes do convenio de colaboración.

Artigo 4º.-Características do préstamo.

Os préstamos concedidos pola entidade bancaria, de acordo cos termos do convenio, terán un tipo de xuro do 5,5%. O prazo de amortización de capital será de tres anos, tendo un prazo de carencia adicional de ata tres anos. Todos os prazos se computarán contando desde o inicio do trimestre natural seguinte á data de formalización, sendo a cota trimestral de capital e xuros constante. Os préstamos poderán ser obxecto de cancelación anticipada, sen ningunha penalización.

Artigo 5º.-Financiamento dos xuros.

Os xuros serán financiados da seguinte forma:

a) A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contribuirá ao pagamento do 3,5% dos xuros no ano de carencia que resta, sempre que o beneficiario solicite a prórroga na correspondente convocatoria anual e as disponibilidades orzamentarias da consellería así o permitan. A subvención será aboada á entidade financeira con carácter anual, facéndose as dilixencias administrativas para o seu abonamento antes do primeiro vencemento anual.

b) A entidade financeira pola que opte o alumno, farase cargo do 2% restante dos xuros, sempre e cando permaneza vixente a axuda relacionada na alínea a) anterior.